

FSIE GALICIA ESIXE UNHA RECTIFICACIÓN AO CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN ROMÁN RODRÍGUEZ!

O Conselleiro de Educación afirmou publicamente en radio nacional que a homologación do profesorado da concertada respecto ao da pública "non se plantexa a curto prazo porque no son profesionais da pública"

fsiegalias

Dende FSIE GALICIA respondémoslle con firmeza e contundencia:

- Non pedimos ser funcionarios nin privilexios: Esiximos o cumprimento da lei. A analoxía retributiva e de condicións laborais é un dereito recoñecido legalmente (LOE, PGE, Estatuto dos Traballadores, Convenio Colectivo, directivas da UE e convenios da OIT).
- Non somos profesionais low cost: Prestamos un servizo público educativo fundamental e esiximos a mesma consideración, o mesmo respecto e as mesmas oportunidades que a rede pública.
- Galicia está á cola: Levamos máis de 17 anos de bloqueo nos orzamentos por parte da Consellería. Estamos á cabeza en carga lectiva e á cola de España en equiparación salarial e condicións laborais.

AS NOSAS REIVINDICACIÓNS CLAVE:

- Equiparación Salarial e de Desenvolvemento Profesional:** Aboamento de sexenios e actualización de complementos por cargos directivos, de dinamización lingüística e de coordinación.
- Redución da Carga Lectiva:** Equiparación das horas lectivas semanais ás da pública para dispoñer do tempo necesario de preparación, titorías e corrección.
- Melloras Laborais e de Conciliación:** Permisos equiparados ao EBEP, ampliación da xubilación parcial ao persoal que ten xornada en pago privado e reforzo dos profesionais de atención á diversidade (PT, AL, Orientación).
- Recoñecemento ao PAS:** Apoio urxente ao Persoal de Administración e Servizos, un dos colectivos máis prexudicados pola insuficiencia financeira do sistema.

👊 ESIXIMOS UNHA RECTIFICACIÓN DO CONSELLEIRO E A CONVOCATORIA INMEDIATA DA MESA TRIPARTITA!

Non podemos tolerar máis escusas nin o maltrato institucional cara ao colectivo da concertada. Esiximos unha rectificación, unha reflexión inmediata da Consellería e a apertura de negociacións reais xa.

POLA HOMOLOGACIÓN LABORAL E A DIGNIDADE DO ENSINO CONCERTADO EN GALICIA!



Mesmo traballo, mesmos dereitos!!